



MEMORIA DE CALIDADE 14/15
FACULTADE DE ÓPTICA e OPTOMETRÍA

(Aprobada na Xunta de Facultade o 16/03/2016)
(Informe favorable da Comisión de Calidade delegada do
Consello de Goberno do 13/04/2016)

Curso Académico: 2014-15

Ano: 2015

Introdución	p. 3
Sistema de Garantía Interna de Calidade	p. 4
Estrutura da Facultade para o desenvolvemento do SGIC	p.6
Informes de seguimento	p. 7
Plan de melloras da Facultade	p. 8
Anexo 1. Indicadores do SGIC	p.10
Anexo 2. Plans de mellora da titulación	p.12

Introdución

Continuando co compromiso do centro de cumprimento co desenvolvemento de SGIC, elabórase a Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao ano 2015.

Na Memoria de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría correspondente ao curso académico 2014-2015 recóllese toda a información relativa ao Sistema de Garantía Interna de Calidade, ao seguimento do título que se imparte e ao plan de mellora proposto para o centro para o curso 2015-16.

A Facultade de Óptica e Optometría, considerando a política de calidade da USC, ven de elaborar a súa política, marcándose como obxectivo o desenvolvemento de programas de formación para o seu alumnado, que se caracterizan por unha xestión de calidade. A calidade desta Facultade busca ter un compromiso de eficacia cos grupos de interese.

Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) busca propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas aos Centros da USC, permitíndolles acadar niveis de calidade que faciliten a súa acreditación e a renovación da mesma de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010. O SGIC marco da USC está deseñado seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG, e está articulado en 9 criterios e 46 directrices englobados en 5 eixes, que se corresponden cos programas elaborados polas axencias a estes efectos, denominados AUDIT e FIDES.

Dende xullo de 2009, a Facultade de Óptica e Optometría conta cun Sistema de Garantía Interna de Calidade, cuxa documentación de referencia está no "Manual do Sistema de Xestión Interna de Calidade (MSGIC) <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html> onde se definen as características xerais do sistema, xunto cun "Manual de Procesos e Procedementos".

A USC aprobou o primeiro SGIC marco en decembro de 2009, e a Comisión delegada do Consello de Goberno de Calidade e Planificación, na sesión que celebrou o 31 de maio de 2013, aprobou unha revisión do mesmo, a Xunta de Facultade aprobou unha modificación do SGIC nunha reunión ordinaria da Xunta de Facultade con data 12/12/2013 co que se simplifica a documentación de referencia, adscribíndose o centro ao manual de procesos e procedementos marco da USC.

O "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría", así como o "Manual do Sistema de Garantía Interno de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos" están dispoñibles na páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado á Calidade <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2014-15 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento; Tamén dispoñible na web da Facultade na ligazón de Calidade.

No relativo ao informe de seguimento da titulación do Grao en Óptica e Optometría, tivéronse en conta todas e cada unha das suxestións feitas pola ACSUG en relación á elaboración do Informe de Seguimento do título de grao no curso 13/14 e da titulación en xeral, procedéndose a realizar os cambios necesarios para a súa mellora.

Co obxecto de cumprir todos os requisitos necesarios para superar con éxito o proceso de verificación da Titulación, estase a traballar na modificación da memoria do Grao en Óptica e Optometría. Con tal fin, a partir de setembro de 2014 a Comisión do Título planificou unha serie de reunións coa finalidade de acometer o proceso de modificación do título de grao (procedemento que implica mínimas modificacións na memoria verificada do título de Grao en Óptica e Optometría, recomendadas nos informes de seguimento do título); as reunións tiveron lugar os días 12/09/2014, 26/11/2014, 05/12/2014 e 6/02/2015.

Toda a documentación foi informada favorablemente e aprobada en Xunta de Facultade con data 09/02/2015.

No relativo á implantación do SGIC no centro, tanto a Responsable de Calidade como a Responsable da Unidade de apoio á xestión do centro e departamentos, mantiveron reunións cos membros da área de calidade e mellora dos procedementos para a utilización da nova aplicación informática de calidade AASX. Incluíronse as accións de calidade desenvolvidas no curso 13-14 na aplicación e xerouse a axenda nova para o curso 14-15 tanto para a Facultade como para o Título de Grao en Óptica e Optometría.

En novembro de 2014 a USC modificou os indicadores do SGIC xeral da USC, polo que a Facultade ten que adaptar o seu SGIC ao da USC. Con esta finalidade, o 15/12/2014 a Comisión de Calidade do centro aproba o novo manual simplificado do SGIC, no que se incorporan as modificacións xerais feitas no SGIC da USC e incorpórase un novo indicador a modo de informe (número de pacientes vistos por alumno/a), elaborado polo propio centro dentro do proceso de seguimento/acreditación do título. O novo manual foi aprobado pola Xunta de Centro na súa sesión do día 19/12/2014 e polo Consello de Goberno da USC na súa sesión do 4/02/2015.

Estrutura da Facultade de Óptica e Optometría para o desenvolvemento do SGIC

Ámbito de aplicación. O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2014-2015 ten en conta a titulación impartida no centro e a todos os grupos de interese da Facultade: 334 alumnos/as (IN02-PC-05), 46 membros do cadro do PDI e 10 membros do PAS.

Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2014-2015 son:

- Grao en Óptica e Optometría (*titulación profesional regulada por Lei*).

Impártese ademais por 4º vez o Curso Ponte para a obtención do grao en Óptica e Optometría para os/as Diplomados/as en Óptica e Optometría.

Documentación de referencia: Considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC, o Manual de Procesos e Procedementos e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), que se relaciona a continuación:

- Memoria do Grao en Óptica e Optometría da USC
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/calidade.html>
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría
<http://www.usc.es/gl/centros/opto/regulamento.html>

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título, a responsable de calidade do centro e a coordinadora de título. As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no *punto 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Óptica e Optometría: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC Capítulo 3 do manual simplificado do SGIC do Centro* - <http://www.usc.es/gl/centros/opto/sgic.html>

Detállanse a continuación a composición e funcións da Comisión de Calidade:

MEMBROS DA CCC

Decano/a ou Director/a do Centro (presidente/a)

Responsable de Calidade do Centro (RCC)

Coordinador/a de Titulación/s

1 membro do PAS (Responsable da Unidade de Centro ou persoa que designe o/a decano/a ou Director/a do Centro)

1 alumno/a (preferiblemente alumno/a - titor/a)

Outros membros que o/a decano/a ou director/a do Centro considere oportuno propoñer á Xunta de Centro para o bo funcionamento do SGIC.

Son funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora e memoria de seguimento dos títulos que inclúen as propostas de mellora, elaboradas polas correspondentes comisións de título).

As Reunións da Comisión de Calidade, durante o curso 2014-15 celebráronse nas seguintes datas: o 12/09/2014 para deseñar a planificación de seguimento do título; o 18/09/2015, 25/09/15 e 28/10/15 coa finalidade de proceder á validación do Informe de Seguimento do curso 13/14 levado a cabo pola Comisión del título, reunida nas datas 12/09/14, 25/09/2014, 22/10/14 e 28/10/14; que ratificou por unanimidade a Xunta de Facultade con data 29/10/14.

O día 15/12/2014, a Comisión de Calidade aprobou os seguintes documentos:

- Díptico da titulación de Grao en Óptica e Optometría para o curso 15/16, que se vai utilizar para a captación de alumnado e promoción da titulación entre o alumnado de bacharelato a través do Programa a Ponte;
- Guía do centro para o curso 15/16, que forma parte da información pública da facultade e que estará dispoñible na páxina web;
- Manual Simplificado do SGIC, que inclúe as modificacións nos indicadores do SGIC da USC e un novo indicador elaborado e xestionado polo centro.
- Memoria de Calidade 2013/14.

A aprobación destes catro documentos foi ratificada pola Xunta de Centro do día 19/12/2014.

A Comisión de Calidade tamén se reuniu o día 06/02/15 para aprobar o novo Plan Estratéxico 2015/2018, necesario unha vez que se puxo en marcha un novo Plan Estratéxico Xeral na USC co novo equipo reitoral e a nova Aplicación informática de Axuda aos Sistemas de Xestión (AASX)

Informes de seguimento

Na Facultade de Óptica e Optometría se impartiu durante o curso 2014-2015 o Grao en Óptica e Optometría e o Curso Ponte para a obtención do Grao, dirixido a Diplomados en Óptica e Optometría.

A Comisión do título de Grao elaborou o informe de seguimento correspondente ao curso 2014 - 2015, tomando en consideración todas e cada unha das suxestións e achegas elaboradas pola Área de Calidade da USC, debido a que neste curso académico o centro ten que participar no proceso de acreditación da titulación, polo que se fan reunións da Comisión do Título nas datas 26/06/2015, 21/10/2015, 04/11/2015, 11/11/2015, 25/11/2015 e da Comisión de Calidade o 21/10/2015 e 03/12/2015; de cara a recompilar, organizar e desenvolver toda a documentación necesaria para os acreditadores e para a ACSUG.

O informe de seguimento do Grao en Óptica e Optometría, pódese atopar na seguinte ligazón: <http://www.usc.es/gl/centros/opto/seguimento.html>, e tamén se pode consultar na Secretaría do Centro.

Plan de mellora da Facultade de Óptica e Optometría

No curso 2014-2015 realizáronse as seguintes accións de mellora na Facultade:

Continuando coa estratexia da mellora dos recursos humanos e materiais na Facultade de cara a acadar unha política de calidade na estrutura do grao, o centro volveu a implementar melloras no **XESTOR DE PRÁCTICAS TUTELADAS**, co obxecto de que o alumnado teña unha maior accesibilidade aos centros onde desenvolver as prácticas, reguladas pola titulación e coordinadas entre a Facultade de Óptica e Optometría e o Colexio de Ópticos Optometristas, co que se asinou un convenio de colaboración.

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/index.html>

<http://www.optica-optometriausc.com/>

<http://www.usc.es/gl/centros/opto/convenios.html>

Asináronse convenios de colaboración coas empresas *Federópticos*, *General Óptica*, *Óptica Renedo*, *Soloptical* e *Tu Visión el Rosal* para que o alumnado amplíe a posibilidade de levar a cabo as súas prácticas tuteladas fóra de Galicia.

Mantense convenio de colaboración para as prácticas preclínicas da materia optometría IV coa Consellería de Política Social, para que o alumnado poida realizar as ditas prácticas nos Fogares Residenciais de Maiores dependentes da Xunta de Galicia.

O Servizo de Optometría, adscrito á Facultade, continúa co desenvolvemento do acordo de colaboración co Servizo de Vixilancia da Saúde da USC para a remisión de pacientes ás prácticas das materias da titulación que se imparten no Servizo.

Ademais o Servizo de Optometría promoveu á atención clínica a pacientes da comunidade universitaria, dentro da programación docente clínica das materias da titulación que se imparten na clínica, atendendo a un total de 644 pacientes no curso 2014/2015.

O servizo de Optometría ofertou dúas prazas para a realización de Prácticas Tuteladas ao alumnado de 4º curso de grao, prazas que foron cubertas.

O número de profesionais Ópticos - Optometristas continua a ser insuficiente para acadar os máximos de calidade que se precisan de cara á consecución do Diploma Europeo, no curso 2014-15. Ademais finalizan os contratos das profesoras asociadas con vinculación externa, polo que o Decanato procede a solicitar, ao departamento de Física Aplicada e a Reitoría, a renovación e convocatoria do concurso das 3 prazas de profesorado asociado con perfil de Optometría para o Servizo de Optometría, adscrito á Facultade.

Incentivouse a adecuación dunha das prazas dos técnicos adscritos á Facultade ao campo da Contactoloxía, procedendo a USC a convocatoria de concurso de dita praza, resolto con data 27/07/2014.

Segue sendo notable a necesidade da creación dunha praza de técnico de nivel superior para adecuar ás necesidades e especificidades do Servizo de Optometría.

No correspondente ao PAS desta Facultade, dotouse o centro cun posto de Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, e provisionalmente dun posto base compartido coa Facultade de Física que leva a cabo tarefas da Secretaría de Decanato mentres non sexa cuberta a praza por concurso.

As accións de mellora para o curso 2015-2016 recóllense no anexo II desta memoria

Anexo 1. Indicadores do SGIC

Os indicadores do SGIC para o Grao en Óptica e Optometría

Cod.	Nome	Valor
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	60(graos)+ 40 (curso ponte)
IN02G-PC-05	Matrícula	334
IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	109
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	66
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	8,20
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	8,16
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	100
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	0,6
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	7,19
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	53,33
IN12G-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	110
IN15G-PC-08	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	0,00
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,00
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	0,3
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	3,2
IN20G-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	4,38
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	4,60
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	2,87
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con	61,22

	docencia no título	
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	73,47
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	75,51
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	8,15
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	50,57
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	17,51
IN33G-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	2,79
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	79,6
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	87,53
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	90,93
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	65
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	4,43
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	90,87
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	28,81
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	13,33
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	3
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,81
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,59
IN48G-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	31,39

Anexo 2. Plan de mellora das titulacións da Facultade de Óptica e Optometría

ACCIONES DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-01	
		Tipo	MOBILIDADE DE ESTUDANTES	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	Alumnado do Grao
		Definición	Análise causa	
			Definición/descrición proposta	Promover convenios de mobilidade europeos para os/as estudantes
			Data prevista de finalización	Curso 2018-2019
	Data inicio	Xaneiro 2016		
	Responsables	Responsable implantación	da	Decanato e Coordinadora título
Tarefa1	Código	Xornada de formación e integración da mobilidade		
	Descrición tarefa	Curso de formación dentro das xornadas transversais de formación que se desenvolvan cada curso académico		
	Data prevista de finalización	27/01/2016		
	Persoa responsable	Responsable de mobilidade e Oficina de Relacións Exteriores		
Subtarefa 1	Código			
	Descrición tarefa			
	Data prevista de finalización			
	Persoa responsable			
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			
	Data comprobación			

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-02
		Tipo	Incluir toda a memoria do título na aplicación do Ministerio de Educación coas modificacións recomendadas
	Ámbito	Ámbito de aplicación	
	Definición	Análise causa	Recomendacións da última acreditación do título e informes de seguimento
		Definición/descrición proposta	Volver solicitar MODIFICA, proceso parado debido á acreditación do título
		Data prevista de finalización	2016
		Data inicio	2016
Responsables	Responsable da implantación	Equipo decanal e Responsable da Unidade de Apoio á Xestión	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓN DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-03
		Tipo	Creación e implantación de guía académica para as materias do Grado
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Todos os grupos de interese do centro
	Definición	Análise causa	Incrementar Información pública e transparencia
		Definición/descrición proposta	Establecer mecanismos de seguimento e valoración dos resultados de aprendizaxe e adquisición de competencias polo alumnado
		Data prevista de finalización	Xuño 2016
		Data inicio	Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Equipo decanal e coordinadora do título	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-04
		Tipo	Completar e renovar a dotación de material de prácticas dos laboratorios do Centro
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Todos os grupos de interese do centro
	Definición	Análise causa	A alta tecnificación da Óptica e Optometría
		Definición/descripción proposta	Conseguir que os laboratorios da Facultade non queden obsoletos
		Data prevista de finalización	Dependerá da dotación económica da Reitoría e da Xunta de Galicia
		Data inicio	Xaneiro 2016
Responsables	Responsable da implantación	Equipo decanal e coordinadora do título	
Tarefa1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Subtarefa 1	Código		
	Descrición tarefa		
	Data prevista de finalización		
	Persoa responsable		
Finalización	Estado		
	Data estado		
	Comprobación		
	Data comprobación		